

## Candidatura de Esquerda Unida - Os Verdes ás próximas eleccións municipais en A Coruña

- **J. César Santiso Corral**  
Coordinador Comarcal de EU Coruña
  - **Jorge Gil Morabes**  
Responsábel de Organización EU Galiza
  - **Luz Ponte Mosquera**  
Responsábel de Comunicación EU Coruña
  - **Mariluz Canal Paz**  
Independente. Avogada
  - **Jesús Díaz Díaz**  
Ex Secretario Xeral CCOO Galicia
  - **Ana González Pérez**  
Os Verdes-Grupo Verde
  - **Miguel Novoa Pardo**  
Responsábel Movements Sociais EU Coruña
  - **Ángeles Liste Moure**  
Independente. Representante sindical UGT
  - **J. Luis Cadorniga Álvarez**  
Sindicalista CCOO
  - **Cristina De La Cruz Morán**  
Independente Profesora de Danza
  - **Serafín Mourelle Bugallo**  
Membro do Foro pola memoria de Galiza
  - **Elena González Carneiro**  
Responsábel Política Municipal EU Coruña
  - **José Luis Fernández Peteira**  
Os Verdes-Grupo Verde
  - **Alba Sánchez Novo**  
Coordinadora Local EU Coruña
  - **Francisco J. Novoa Blanco**  
Área Política Municipal EU Coruña
  - **Mª Macarena Seoane Seara**  
Química Medioambiental
  - **Jose Luis Burón Eiras**  
Ex Secretario Xeral CCOO (SC FSC)
  - **Alicia Carballeira García**  
Independente. Profesora de Baile
  - **Alejandro Rodríguez Pazos**  
Independente. Axente forestal
  - **Sonia Mª Rivas Almodovar**  
Independente. Empregada Pública
  - **Jesús Liste Moure**  
Representante sindical Sindicato Ferroviario
  - **Eva Mª Vaquero González**  
Sindicalista CCOO
  - **Sergio Couto Catoira**  
Responsábel Area de Xuventude EU Galiza
  - **Alicia Vázquez Cruzado**  
Independente. Empregada Pública
  - **Jorge Crego Blanco**  
Xuventudes Comunistas. Claustal da UDC
  - **Sonia María Ramos Portillo**  
Administrativa Sector do Metal
  - **Arturo Salgueiro Gonzállez**  
Independente. Empregado Público
- SUPLENTES**
- **Rosa Mª González Ansedo**  
Publicista
  - **José Abades Otero**  
Ebanista
  - **Encarnación Gamez Morales**  
Independente. Empregada Pública



**César Santiso**  
Candidato de EU-V á  
Alcaldía de A Coruña

Outra política é posíbel

**Construíndo  
Alternativa**



Outra política é posíbel

**Construíndo  
Alternativa**



# Programa Electoral EU-V de A Coruña

## PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Mais poder de decisión para a cidadanía a través da aplicación de orzamentos participativos elixidos democraticamente pola veciñanza mediante asembleas de barrio

## REACTIVACIÓN ECONÓMICA E CAMBIO DO MODELO PRODUTIVO

★ **Creación dun Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME)** Cooperativas, autónomos e PEMES cubrirán as necesidades básicas as que se enfrontan na súa primeira etapa. Os únicos requisitos son: dispor dun estudo de viabilidade económica, reducir a dependencia do petróleo na súa actividade e crear emprego estábel e de calidade. Unha taxa que cubra custos de xestión permitirá acceder mediante o uso compartido a oficinas, comunicacións, loxística, servizos administrativos e asesoramento contábel, laboral e tributario. Estimamos 2000 novos empregos

★ **Plan de Reactivación da Vida nos Barrios.** Proponemos a recuperación dos espazos públicos e a diversificación cultural para o goce da cidadanía e apoio e promoción ao pequeno comercio para que cubra a demanda dos barrios e así evitar a destrución de centos de postos de traballo

★ **Creación da Empresa Municipal para Asegurar a Soberanía Alimentaria Coruñesa (EMASAC)** Máis do 10% dos coruñeses e coruñesas están en risco de exclusión social, mentres os prezos dos alimentos medran exponencialmente por mor da crise ecolóxica, enerxética e alimentaria. Diante desta situación cómpre asegurar a soberanía alimentaria mediante a promoción da agricultura da nosa comarca para cubrir as necesidades de produtos agrarios básicos

- » Convenios para converter fincas abandonadas na bisbarra en terras produtivas
  - » Soporte técnico e formación cara unha agricultura ecolóxica autosuficiente
  - » Convenios cos produtores para garantir prezos dignos en orixe
  - » Coordinación de redes alternativas de distribución para asegurar un prezo xusto para os consumidores finais e o abastecemento do banco de alimentos e ONG
  - » Promoción de cooperativas agrarias de desempregados para explotar as fincas
  - » Recuperación e transformación de zonas verdes improdutivas da cidade para fomentar unha rede de hortos urbanos con verxeis de froiteiras e xardíns sustentábeis
- En definitiva, recuperar a riqueza esquecida do agro da nosa comarca, para asegurar a soberanía alimentaria e dar unha oportunidade acerca de 1000 persoas en paro, mentres reducimos a nosa pegada ecolóxica e loitamos contra o cambio climático

## URBANISMO RACIONAL E SUSTENTÁBEL, VIVENDA DIGNA PARA TODOS

- ★ Parque público de vivendas de aluguer e outro de vivendas de emerxencia social
- ★ Recargo do 50% no IBI nas vivendas baleiras
- ★ Plan de aforro enerxético na rehabilitación de vivendas
- ★ Ecurbanimo e xestión sustentábel do territorio

## LOITA CONTRA A CRISE ENERXÉTICA E O CAMBIO CLIMÁTICO

Creación da Empresa Municipal de Enerxías Renovábeis (EMER) encargada de producir enerxía para autoabastecer os servizos municipais, promover a eficiencia enerxética e a autoprodución para democratizar a enerxía entre empresas e veciñanza. Asemade incorporará a Oficina Municipal Contra o Cambio Climático e a Transición Enerxética encargada de coordinar e avaliar aos entes municipais involucrados e de difundir e

concienciar a cidadanía ante a crise medioambiental e enerxética.

## MOBILIDADE UNIVERSAL E SOSTÍBEL

Plan Integral de Mobilidade Universal e Sostíbel (PI-MUS) Baseado na participación cidadá mediante a creación do Consello de Mobilidade

- ★ Creación de aparcadoiros disuasorios gratuítos nas entradas da cidade conectados mediante transporte público en carril bus para evitar a entrada de miles de vehículos
- ★ Implantación do billete único progresivo diario que permita a utilización universal do transporte público. Pago do billete no primeiro viaxe e so o 10% en cada transbordo
- ★ Creación de liñas concéntricas que permitan a mobilidade entre barrios
- ★ Substituír a rede de tranvías turísticos por unha moderna para facela operativa
- ★ Implantación de amplas redes de carril bus e carril bici en consenso coa veciñanza
- ★ Ampliación do servizo de aluguer de bicicletas a todos os barrios. Asemade incorporar en cada punto de aluguer un aparcadoiro para bicicletas e outro para motocicletas
- ★ Canalización da circulación polas rúas principais de cada barrio, prohibindo o tránsito nas rúas interiores salvo para residentes, transporte público e carga e descarga
- ★ Loitar contra a dobre fila
- ★ Acordos supramunicipais para coordinar e mellorar o transporte metropolitano e recuperar o tren de proximidade

## DEFENSA DO PÚBLICO COMO GARANTE SOCIAL

Rexeitamos as externalizacións mediante concesión de servizos públicos a empresas privadas, pois son privatizacións encubertas que na maioría das ocasións supoñen sobrecusto e menor calidade nos servizos.

- ★ O concello, a través das empresas municipais EMASAC e EMVSA, dará cobertura universal ás ne-

cesidades elementais de alimentación e vivenda. Apostamos tamén por avanzar cara á universalidade dos servizos que cubran as necesidades de dependencia e conciliación da vida familiar e laboral da poboación do concello

- ★ Incrementando a rede de garderías infantís públicas
- ★ Mellorando a atención a dependentes. Mediante a teleasistencia e a ampliación do número de prazas tanto na asistencia a domicilio como en residencias da 3ª idade. Así mesmo creárase un servizo de comidas a domicilio.

## RESPECTO ÁS PERSOAS, IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Creación do Consello Municipal de Xénero e Identidade Sexual e o Consello Municipal de Migracións para loitar desde estes órganos contra as desigualdades

## ADMINISTRACIÓN EFICAZ E AUSTERA

As propostas que vos achegamos non son meras declaracións de intencións, senón que responden a unha viabilidade económica baseada nun equilibrio orzamental derivado de aplicar criterios de eficiencia, austeridade, ética e transparencia institucional.

- ★ Plan de Reorganización da Administración Coruñesa (PRAC) para optimizar recursos, reducir custos, gañar en eficacia e mellorar a produtividade
- ★ Evitar sentenzas condenatorias por irregularidades urbanísticas
- ★ Redución do 50% do orzamento do IMCE (espectáculos), eliminando a subvención ás touradas ao tempo de apostar por espectáculos menos custosos até o fin da crise
- ★ Aforrar o 50% do consumo eléctrico mediante autoabastecemento e eficiencia
- ★ Baixar un 25% os emolumentos de cargos públicos e altos cargos de confianza
- ★ Redución do 50% en dotacións e asesores para os grupos políticos
- ★ Redución dun 75% dos custos en protocolo e relacións públicas